

ANEXO III

FORMULA PARA A PUNTUACIÓN DO INCREMENTO DO ALUGUER (51 PUNTOS)

Con carácter previo á aplicación das fórmulas para valorar este criterio é preciso calcular valor de referencia dos incrementos (Vri):

Valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Fundación. As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminaráse so a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaránse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaránse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- máis de 15 ofertas: eliminaránse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

A) Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = (0,80 * Pmx * Vof) / Vri$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio.

Vof: valor ofertado de incremento.

Vri: valor referencia dos incrementos.

b) Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + (0,20 * Pmx * A) / B$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio.

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri.

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri.

As fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula. Na aplicación das fórmulas só se terán en conta dous decimais.